

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 9 de abril de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez (asiste a todos os puntos agás o 8d, 9d e 10b)
D. Pablo Olmos Pita (asiste aos puntos 8d, 9d e 10b)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 6a, 8a, 8b, 8c, 9a, 9b, 9c e 10a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8d, 9d e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 4 de abril de 2018

Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellería de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

Retírase por non terse recibido todas as proposicións anunciadas.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellería de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

Retírase por non terse recibido todas as proposicións anunciadas.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Retírase este asunto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:32	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A248-525946-33D7E6-UNDTTC2-9MV5VL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

Retírase este asunto.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 4 de abril de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- COPCISA, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

Presente na sesión o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, aclara que o anexo ao informe contén un erro na valoración da empresa PETROLAM, S.L.U, no apartado A *“REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC”*, presentación da *“MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA*. Onde di *“Non Cumpre. O arquivo non supera o límite de peso de 10 Mb nin o límite máximo de 50 follas”*, debe dicir *“Cumpre. O arquivo non supera o límite de peso de 10 Mb nin o límite máximo de 50 follas”*.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión e Proxectos e Inspección Técnica de Obras, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:32	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A248-525946-33D7E6-UNDT2-9MV5VL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 4 de abril de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

Así mesmo, a secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa os informes emitidos polo xefe do Servizo de Administración Electrónica en relación co recurso interposto por MARKA o 8 de marzo de 2018 no que se conclúe “*non se xulga oportuno atender á reclamación presentada por MARKA e declarar deserta a licitación*”; e o informe sobre as aclaracións solicitadas por TEKNOSERVICE, S.L. o 9 de marzo de 2018 sobre as valoracións dos sobres B presentados polos licitadores, no que se conclúe “*non se xulga oportuno atender á solicitude presentada por TEKNOSERVICE, S.L. para modificar o contido do informe de valoración da oferta técnica*”.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Retírase este asunto.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión e Proxectos e Inspección Técnica de Obras, a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos-FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:32	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A248-525946-33D7E6-UNDTTC2-9MV5VL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

rúa Camilo José Cela (4.962-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 5 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado xefe do Servizo de Administración Electrónica o 4 de abril de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación e acorda excluír a TEKNOSERVICE, S.L., por exceder o orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do PCAP).

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

Retírase este asunto.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,43
2	C. D. INDEPO, S.L.	93,70
3	HIDROMIÑO, S.L.	92,68
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	92,65
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,48
6	ORESA, S.L.	92,19
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,27
8	NAROM, S.L.	89,61



9	EXPLORACIONES MEDIAMBIENTALES, S.L.U.	89,48
10	COPCISA, S.A.	88,48
11	ORECO, S.A.	86,89
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,45
13	CALDEVERGAZO, S.L.	79,47
14	ELSAMEX, S.A.	36,47

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 816,54 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de abril de 2018, de TEKNOSERVICE, S.L. por exceder a súa proposición económica o orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.	94,44
2	TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.	86,64
3	PAZ DISMAC, S.L.	36,28
4	SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.	31,57



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 962,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

Retírase este asunto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:32	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A248-525946-33D7E6-UNDTTC2-9MV5VL-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		